

MECOLANDIA CITY

Por: José Taboada García

Segundo o Real Decreto do rei das Galizas SETEVINNONMELEMBRO publicado o 31 - 02 - 2008, di: Que todo o pobo que teña unha igrexa, un cura, un bar, un tolo, unha muller muller, unha lenda e un conto, será cidade.

Sabedor disto Palanquín - o lacazán maior do Grove - fixo unha xuntanza na Siradella para tratar o tema. Xuntáronse máis de dúas mil persoas.

Subido Palanquín a unha mesa de pedra, dirixiuse aos alí presentes:

- Temos igrexa, cura, muller, tolo, a lenda do Meco,..., conto. Ten o noso pobo un conto? - Non. Que podemos facer?

- Ide á casa dos contos -

Dixo un que pasaba por alí que tiña unha pinta moi rara, mesmamente non parecía deste planeta.

- Onde se atopa a casa dos contos?

- Está en todos os sitios, é tan grande tan grande, que mesmo chega ás estrelas. Non ten balcóns, nin mesas, nin camas ..., só ten contos.

Tampouco ten cor, é invisible, para que nos deixe ver o mar, os ríos, as montañas, os campos, os bosques, os paxariños cantar, a lúa, as estrelas,...

- E como entramos? - dixo Brais - un rapaz duns once anos que se atopaba alí.

- Pola porta que ten a casa invisible, unha porta invisible que se abre cunha chave invisible.

- E quen ten a chave invisible?

- Toma!

- Pois mira que pesa!

Aquel home desapareceu, o tolo dixo que se convertera en paxaro.

- Pois agora vai buscalo Brais - Dixo Palanquín

- Vou contigo - Dixo Mariña - unha rapaza máis ou menos da súa idade.

- Mira, aquí está!. Entramos Mariña?

- Vale
- Cantos contos!! Blancaneves, Carapuchiña Vermella, A Lúa Faladora, Xanciño Voando ...

- Como entraches aquí? - Díxolle un vello que levaba un sombreiro negro, unha capa vermella e un pau na man.

- Coa chave invisible, que abre a porta invisible.

- Dádeme esa chave xa, ou déixovos pechados aquí para sempre.

- Teña, teña !!

- Quen é vostede?

- O Garda dos Contos. Que é o que queredes?

- O conto do Grove para que o Grove sexa cidade

- Quen vos dixo que o teño eu.

- Un paxariño, o máis belo do mundo, que ten unhas cores tan fermosas que ninguén foi quen de pintar. Son cores que non se atopan na terra.

Cando se pon a cantar, os outros paxaros calan todos para escoitalo. Párase o tráfico, e mesmamente, como se por maxia fose, os avións quédanse parados no ceo. Párase o sol, páranse os reloxos e ata os peixes sacan a cabeza de debaixo

da auga.


- Si, é o paxaro Paradís, ven do Planeta Baos, visita a Terra cada mil anos. Xa vexo que non mentides. Aquí teño o voso conto que me acaban de traer as princesiñas dos bosques encantados.

- Que conto é?

- O Galo Picón. Tomade e contádeo ben.

Marabillado o rei polo conto do Galo Picón, a Lenda do Meco e o resto ..., concedeulle ao Grove o Título de CIDADE DE PRIMEIRA. Para o cal será dotada de Catedral. Bispo. Tren, Metro, Aeroporto e Pista de Carreiras de Tartarugas.

Para que isto se leve a cabo, deberá trocar o seu actual nome e pasará a chamarse "MECOLANDIA CITY".



Vista dende o Monte Siradella. O Grove